

FAUSTINO MÍGUEZ naceu o 24 de marzo de 1831 en Xamirás, na provincia e diocese d Ourense, en Galicia, España. Foi bautizado ao día seguinte do seu nacemento. Era o cuarto fillo de Benito Míguez e de María González.



O 5 de decembro de 1850 entrou no noviciado dos Escolapios, en Madrid, e o 16 de xaneiro de 1853 fixo a súa profesión de votos solemnes. Tras continuar cos estudos da formación escolapia foi ordenado sacerdote o 19 de marzo de 1856. En novembro de 1857 foi enviado á primeira fundación escolapia de Guanabacoa (Cuba). Ensinou na escola de

maxisterio para a formación de mestres. Alí aprendeu a utilidade terapéutica das plantas. A continuación, foi enviado a diversas comunidades de España: Celanova, El Escorial, Monforte de Lemos, Sanlúcar de Barrameda e a Xetafe, onde transcorreu os últimos anos da súa vida.

Faustino viviu por máis de 50 anos entregado á educación. Ensinou latín, historia, álgebra, xeometría, retórica, xeografía, agricultura, física e química, historia natural, hixiene, francés e ciencias naturais. A escola era para el o lugar de encontro co Señor, servido e amado nos pequenos. Manifestaba un amor especial cara aos necesitados, débiles ou enfermos. A súa inclinación pola investigación científica estaba moi unida coa súa vocación de educador.

Durante a súa segunda estancia en Sanlúcar de Barrameda, descubriu a situación de abandono e ignorancia na que se atopaba a muller e a necesidade de que alguén as guiase desde a infancia. Co permiso do seu Superior Xeral, e coa aprobación do Arcebispo de Sevilla, o 2 de xaneiro de 1885 fundou o Instituto Calasancio, Fillas da Divina Pastora. Esta Congregación, que segue o estilo pedagóxico de san José de Calasanz, naceu para a educación das nenas.

Pai Faustino morreu en Xetafe, o 8 de marzo de 1925, aos 94 anos de idade. Foi beatificado por san Xoán Paulo II, o 25 de outubro de 1998 e canonizado polo papa Francisco, o 15 de outubro de 2017.